

## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### FERROL

##### Facenda e Patrimonio

*Edicto do 2.º decreto de modificación de flexibilización de medidas tributarias*

#### EDICTO

A concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estadística e Edusi deste Concello de Ferrol por delegación da Alcaldía de data 08/07/2019 (BOP 22/07/2019), dictou con data 13/05/2020 resolución en relación coa aprobación de MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN FISCAL PARA OS CONTRIBUÍNTES DO CONCELLO DE FERROL cuio tenor literal dí:

**Primeiro.**–Tralo Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, modificado polo RD 465/2020, do 17 de marzo, e trala aprobación do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo, de medidas urxentes extraordinarias para facer fronte ao impacto económico e social do COVID-19, a concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estadística e Edusi deste Concello de Ferrol por delegación da Alcaldía de data 08/07/2019 (BOP 22/07/2019) ditou con data 24/03/2020 unha resolución en relación coa aprobación de MEDIDAS DE FLEXIBILIZACIÓN FISCAL PARA OS CONTRIBUÍNTES DO CONCELLO DE FERROL.

**Segundo.**–Posteriormente, con data 21 de abril, apróbase o Real Decreto-lei 15/2020, de medidas urxentes complementarias para apoiar a economía e o emprego, en cuia Disposición Adicional Primeira, exténdense os prazos previstos no artigo 33 do Real Decreto-Lei 8/2020, do 17 de marzo.

**Terceiro.**–Nas medidas de flexibilización adoptadas se incluía a modificación do Calendario do Contribuínte aprobado para 2020 (BOP n.º 243, do 23/12/2019) no que se acordaba ampliar o período voluntario de pago nun mes de aqueles tributos e demais ingresos cuio prazo de ingreso en período voluntario non tiña finalizado á data de declaración do estado de alarma (voluntarias 3 a 11), en aras a paliar os efectos negativos derivados deste estado transitorio e excepcional facilitando aos obrigados ao pago o cumprimento das súas obrigas tributarias.

**Cuarto.**–O estado de alarma inicial acordado no RD 463/2020 foi obxecto de diversas prórrogas, estando recentemente prorrogado polo RD 514/2020 do 8 de maio ata o vindeiro 24/05/2020, ás 00.00 horas.

É pois preciso adaptar a Resolución de 24 de marzo de medidas de flexibilización fiscal ás novas circunstancias. En consecuencia, a funcionaria que suscribe propón:

**Primeiro.**–Onde di “30 de abril de 2020” ou “20 de maio de 2020” nos puntos primeiro e segundo das actuacións tributarias excepcionais e urxentes adoptadas na antedita Resolución de 24/03/2020, debe dicir “30 de maio de 2020”.

**Segundo.**–Consecuentemente, onde di “01 de maio de 2020” no punto décimo das actuacións tributarias excepcionais e urxentes adoptadas na antedita Resolución de 24/03/2020, debe dicir “1 de xuño de 2020”.

**Terceiro.**–Modificación do calendario do contribuínte aprobado para 2020 (BOP n.º 243, do 23/12/2019):

#### 1. Voluntarias n.º 12 e 13.

Vol	INICIO	FIN	CARGO CTA.	CONCEPTOS
12	06/05/2020	06/07/2020	06/05/2020	PP PARKING MAGDALENA maio 2020 / SERVIZOS DEPORTIVOS abril 2020 / MERCADOS abril 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR marzo 2020
13	06/05/2020	06/07/2020	06/05/2020	VIVENDAS abril 2020 / CC PORTA NOVA abril 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas dúas voluntarias xa foron iniciadas e teñen como prazo de finalización do período voluntario de ingreso o 06/07/2020, dito prazo será ampliado ata o 05/08/2020.

Con respecto a ditas voluntarias 12 e 13, as débedas obxecto de domiciliación xa foron recadasas e, polo tanto, se mantivo a data prevista de cargo en conta do 06/05/2020.

**2. Voluntarias n.º 14, 15 e 16.**

Vol	INICIO	FIN	CARGO CTA.	CONCEPTOS
14	05/06/2020	05/08/2020	05/06/2020	PP PARKING MAGDALENA xuño 2020 / SERVIZOS DEPORTIVOS maio 2020 / MERCADOS maio 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR abril 2020
15	05/06/2020	05/08/2020	05/06/2020	VIVENDAS maio 2020 / CC PORTA NOVA maio 2020
16	05/06/2020	05/08/2020	05/08/2020	MERCADOS AMBULANTES marzo-abril 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias está previsto que se inicien o vindeiro 05/06/2020, prazo que se mantén, se ben se amplía o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso ata o 07/09/2020.

Con respecto ás débedas obxecto de domiciliación correspondentes ás tres voluntarias anteriores, se manteñen as datas previstas de cargo en conta do 05/06/2020 e do 05/08/2020.

**3. Voluntarias n.º 17, 18 e 19.**

Vol	INICIO	FIN	CARGO CTA.	CONCEPTOS
17	06/07/2020	07/09/2020	06/07/2020	PP PARKING MAGDALENA xullo 2020 / SERVIZOS DEPORTIVOS xuño 2020 / MERCADOS xuño 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR maio 2020
18	06/07/2020	07/09/2020	06/07/2020	VIVENDAS xuño 2020 / CC PORTA NOVA xuño 2020
19	06/07/2020	05/10/2020	05/10/2020(*)	IBI 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias está previsto que se inicien o vindeiro 06/07/2020, prazo que se mantén, se ben para:

- Voluntarias 17 e 18 se amplía o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso ata o 05/10/2020.
- Voluntaria 19 se amplía o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso ata o 07/12/2020.

Con respecto ás débedas obxecto de domiciliación correspondentes ás voluntarias anteriores:

- Voluntarias 17 e 18 se manteñen as datas previstas de cargo en conta do 06/07/2020.
- Voluntaria 19 se manteñen as datas previstas de cargo en conta de:
  - 05/10/2020 para aqueles recibos domiciliados nun único pago.
  - 06/07/2020 como 1.º prazo de pago dos recibos domiciliados en dous pagos.
  - 05/11/2020 como 2.º prazo de pago dos recibos domiciliados en dous pagos.

**4. Voluntarias n.º 20, 21 e 22.**

Vol	INICIO	FIN	CARGO CTA.	CONCEPTOS
20	05/08/2020	05/10/2020	05/08/2020	PP PARKING MAGDALENA agosto 2020 / SERVIZOS DEPORTIVOS xullo 2020 / MERCADOS xullo 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR xuño 2020
21	05/08/2020	05/10/2020	05/08/2020	VIVENDAS xullo 2020 / CC PORTA NOVA xullo 2020
22	05/08/2020	05/10/2020	05/10/2020	MERCADOS AMBULANTES maio-xuño 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias está previsto que se inicien o vindeiro 05/08/2020, prazo que se mantén, se ben se amplía o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso ata o 05/11/2020.

Con respecto ás débedas obxecto de domiciliación correspondentes ás tres voluntarias anteriores, se manteñen as datas previstas de cargo en conta do 05/08/2020 e do 05/10/2020.

**5. Voluntarias n.º 23, 24 e 25.**

Vol	INICIO	FIN	CARGO CTA.	CONCEPTOS
23	04/09/2020	05/11/2020	04/09/2020	PP PARKING MAGDALENA setembro 2020 / SERVIZOS DEPORTIVOS agosto 2020 / MERCADOS agosto 2020 / TAXA DE AXUDA NO FOGAR xullo 2020
24	04/09/2020	05/11/2020	04/09/2020	VIVENDAS agosto 2020 / CC PORTA NOVA agosto 2020
25	04/09/2020	05/11/2020	05/11/2020	IAE 2020

Como pode ser observado no cadro anterior estas tres voluntarias está previsto que se inicien o vindeiro 04/09/2020, prazo que se mantén, se ben se amplía o seu prazo de finalización do período voluntario de ingreso ata o 07/12/2020.

Con respecto ás débedas obxecto de domiciliación correspondentes ás tres voluntarias anteriores, se manteñen as datas previstas de cargo en conta do 04/09/2020 e do 05/11/2020.

Todas estas medidas serán obxecto dos acordos municipais correspondentes e sen perxuízo das que se podan ir adoptando en función das medidas que se adopten polo Estado para minorar os efectos económicos negativos.

Ferrol, 18 de maio de 2020.

A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Patrimonio, Recursos Humanos, Emprego, Promoción Económica, Turismo, Estatística e Edusi por delegación da Alcaldía de 08/07/2019 (BOP n.º 137, do 22/07/2019)

Asdo.: M.<sup>a</sup> Teresa Deus Trasobares

2020/2845